

O LABOR DA COMISIÓN NON PERMANENTE PARA O ESTUDIO DA SITUACIÓN DOS EMIGRANTES DO PARLAMENTO DE GALICIA

Xosé A. Sarmiento Méndez*

Universidade de Vigo

“Endexamáis excomenzariamos nada se quixeramos
asegurar por adiantado o éxito da nosa empresa”.

N. Bonaparte

Trataréi nas seguintes liñas de dar conta das principais actividades da comisión creada no Parlamento galego para o estudo da situación dos emigrantes galegos, recollendo do xeito máis aséptico posible a súa andaina o longo desta última lexislatura. Os anxeios e esperanzas dos nosos compatriotas no exterior quedaron en boa medida frustrados polo inconcluso dos traballos dunha Comisión que desenvolveu ó meu xuício unha laboura moi meritoria e encomiable, pero que viu cercenados os seus traballos na súa fase final, xa cercana a disolución do Parlamento de Galicia.

Para unha mellor comprensión a efectos valorativos das actuacións dos parlamentarios galegos fago unha introducción con referencia a outras Cámaras lexislativas do Estado e os seus traballos nesta materia.

I. Antecedentes parlamentarios

A. Cortes Xerais

Son relativamente abondosos os exemplos de tratamento parlamentario nas Cortes Xerais da problemática da emigración. A efectos sistemáticos procederemos a clasificar os distintos instrumentos parlamentarios segundo a problemática concreta sobre a que versaban.

* Letrado do Parlamento de Galicia. Profesor de Dereito Constitucional.

Así, na VI Lexislatura atopamos os seguintes grupos temáticos:

a) Mixto inmigración-emigración

O Informe da Subcomisión, constituída no seo da Comisión de Política Social e Emprego, para estudia-la situación dos españoles que viven fóra, así como a dos inmigrantes e refuxiados que chegaron ó noso país; coñecer a fondo as súas necesidades e reivindicacións prioritarias; propoñe-las medidas –legais e sociais– que é convinte adoptar para conseguir soluciona-los problemas existentes, así como votos particulares presentados ó mesmo¹. Trátase dun informe froito do acordo adoptado polo Pleno do Congreso dos Deputados na súa sesión do día 25 de xuño de 1996 con motivo do debate dunha proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista.

Como consecuencia da actividade da subcomisión citada presentouse unha pregunta con resposta escrita formulada por D. Guillermè Vázquez Vázquez, do G. P. Mixto, sobre o grao de cumprimento do informe elaborado pola Subcomisión para estudia-la situación dos españoles que viven fóra, así como a dos inmigrantes e refuxiados que chegaron ó noso país².

Nesta mesma liña debe citarse a Proposición non de lei, do Grupo Socialista do Congreso, relativa á constiución dunha Ponencia para o estudo da situación dos españoles emigrantes ou residentes no exterior e a situación dos inmigrantes en España, así como as actitudes da sociedade española ante os novos residentes en España³.

b) Seguridade Social

Neste eido, e con carácter lexislativo, debe subliñarse a Proposición de lei pola que se regula o alcance do cómputo recíproco de cotizacións nos diferentes réximes que integran o sistema da Seguridade Social e sobre o

¹ BOCG-CD serie D, núm. 248, 27-2-98. Aprobación con modificacións pola Comisión de Política Social e Emprego – BOCG-CD serie D, núm. 281, 18-5-98. Debate Pleno – DS-CD núm. 172, 23-6-98. Aprobación do Informe polo Pleno – BOCG-CD serie D, núm. 308, 15-7-98

² BOCG-CD serie D, núm. 392, 10-3-99. Resposta – BOCG-CD serie D, núm. 424, 6-5-99

³ DS-CD núm. 21, 10-6-96. Aprobación polo Pleno – DS-CD núm. 16, 25-6-96

alcance en España das cotizacións efectuadas antes do 1 de xaneiro de 1967 en determinados países⁴.

Neste mesmo plano das iniciativas lexislativas é subliñable a proposición de lei de modificación dos requisitos temporais para o cobro de prestacións non contributivas ó colectivo de emigrantes españoles retornados⁵. Igualmente e referida a unha temática moi semellante presentouse a proposición de lei de modificación dos requisitos temporais para o cobro do subsidio por desemprego ó colectivo de emigrantes españoles retornados⁶.

Máis concreta foi a iniciativa referida a certos países nos que existen problemas económicos, que levou á formulación dunha pregunta oral en Comisión do señor Jordano Salinas, do Grupo Parlamentario Popular no Congreso, sobre proxectos previstos para mellora-la situación actual das pensións que reciben os emigrantes españoles, especialmente os residentes nos países de hispanoamérica⁷.

Referida ó estricto ámbito da atención sanitaria estaba a pregunta con resposta escrita formulada por D^a María José Camilleri Hernández, do G. P. Popular, sobre a execución do Plan Integral de Saúde para españoles residentes no estranxeiro⁸.

Xa dentro da VII Lexislatura das Cortes Xerais producíronse dúas iniciativas que aceptan de xeito subliñable ó ámbito da Seguridade Social e que non fan senon profundizar en aspectos do impulso parlamentario iniciando na anterior Lexislatura. Estoume a referir á proposición de lei de modificación dos requisitos temporais para o cobro de prestacións non contributivas ó colectivo de emigrantes españoles retornados⁹ e a proposición

⁴ BOCG-CD serie B, núm. 198.1, 11-5-98. Rexeitada a toma en consideración - BOCG-CD serie B, núm. 198.2, 29-9-98.

De grande interese son as reflexións contidas no informe anual do Defensor del Pueblo para o ano 1998 sobre estes problemas, en concreto referidos ós fillos dos emigrantes españoles no estranxeiro.

⁵ BOCG-CD serie B, núm. 251.1, 30-11-98. Caducada - BOCG-CD serie D, núm. 543, 4-2-2000

⁶ BOCG-CD serie B, núm. 310.1, 24-5-99. Caducada - BOCG-CD serie D, núm. 543, 4-2-2000

⁷ BOCG-CD serie D, núm. 318, 21-9-98. DS-CD Comisións, núm. 580, 26-11-98

⁸ BOCG-CD serie D, núm. 460, 8-7-99. Resposta - BOCG-CD serie D, núm. 475, 21-9-99

⁹ BOC-CD serie B, núm. 65.1, 5-6-00

de lei de modificación dos requisitos temporais para o cobro do subsidio por desemprego ó colectivo de emigrantes españoles retornados¹⁰.

c) Retorno

Resulta rechamante que, directamente atinentes a esta temática, só se poida atopar unha iniciativa ó longo da VI e VII Lexislaturas das Cortes Xerais. Trátase da pregunta oral en Comisión do señor Jordano Salinas, do Grupo Parlamentario Popular no Congreso, sobre actuacións previstas para facilitar ós emigrantes españoles o retorno ó seu país de orixe¹¹.

d) Dereitos políticos

Dúas facetas moi diferentes deben recollerse no tocantes a rúbrica xenerica dos dereitos políticos. Por unha banda aquelas que tentan de fomenta-la participación política dos emigrantes, entre as que podemos citar a pregunta oral en Comisión do señor Jordano Salinas, do Grupo Parlamentario Popular no Congreso, sobre medidas para facilita-lo exercicio do dereito a participar nas eleccións municipais autonómicas e xerais ós emigrantes españoles¹².

Por outra banda están as iniciativas que tentan de garanti-la transparencia do voto dos emigrantes, por producirse este en circunstancias claramente diferenciadas ó dos cidadáns que viven no territorio español. Así atopamos a pregunta con resposta escrita formulada por D^a María del Pilar Novoa Carcacia, do G. P. Socialista, sobre medidas para garantir ós españoles que viven no exterior o dereito ó voto en igualdade de condicións ós residentes dentro do país¹³.

¹⁰ BOCG-CD serie B, núm. 66.1, 5-6-00

¹¹ BOCG-CD serie D, núm. 318, 21-9-98. DS-CD Comisións, núm. 580, 26-11-98. A monografía galega máis completa sobre a problemática do retorno é a de Antonio Izquierdo Escribano e Gabriel Alvarez Silvar: *Políticas de retorno de emigrantes*. Universidade da Coruña. 1997.

¹² BOCG-CD serie D, núm. 318, 21-9-98. DS-CD Comisións, núm. 580, 26-11-98

¹³ OCG-CD serie D, núm. 468, 21-7-99. Resposta - BOCG-CD serie D, núm. 482, 1-10-99. Sobre as condicións que rodean o dereito de voto dos emigrantes é fundamental a obra de Enrique Arnaldo Alcubilla: *El derecho de sufragio de los emigrantes en el ordenamiento español*. Centro de Estudios constitucionales. Madrid, 1995.

e) Cultural

Dentro da importante labor desempeñada polos poderes públicos a prol dos emigrantes españois no estranxeiro e particularmente relevante a referida ó eido cultural. Nesta orde de cousas insírese a pregunta oral en Comisión do señor Jordano Salinas, do Grupo Parlamentario Popular no Congreso, sobre medidas previstas para que os fillos dos emigrantes españoles poidan visitar, coñecer e estudar en España¹⁴.

f) Xeral

Por último unha iniciativa xenérica e continxente foi a presentada con motivo da celebración do Consello Xeral da Emigración, que pola súa propia natureza abordou una problemática moi heteroxénea da situación dos emigrantes. Así presentouse a pregunta oral en Pleno da Deputada D^a María José Camilleri Hernández, do Grupo Parlamentario Popular no Congreso, sobre as medidas que ten previsto adopta-lo Goberno como consecuencia dos acordos da reunión do Consello Xeral da Emigración celebrado en Madrid¹⁵.

B. Galicia*a) Retorno*

Dende a I Lexislatura esta é unha das preocupacións que ocupou ós nosos parlamentarios. Así podemos cita-la interpelación do Deputado D. Camilo Nogueira Román do Grupo Parlamentario Mixto, sobre as medidas económicas do Goberno Galego tendentes a criar as condicións para os emigrantes galegos poderen satisfacer o dereito de viviren e traballaren na propia terra¹⁶. Consecuencia desta interpelación foi a presentación dunha moción formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa de D. Camilo Nogueira Román, sobre creación dunha institución económico-financeira para a canalización da política económica destinada a propicia-la volta dos emigrantes¹⁷.

¹⁴ BOCG-CD serie D, núm. 318, 21-9-98. DS-CD Comisións, núm. 580, 26-11-98

¹⁵ DS-CD núm. 201, 9-12-98

¹⁶ BOPG núm. 285, 9-7-84. Pleno día 11-7-84, DS núm. 84

¹⁷ BOPG núm. 314, 26-7-84 Rexeitada - Pleno día 19-9-84, DS núm. 85

Xa pasando á III Lexislatura do Parlamento galego atópase unha proposición non de lei, formulada polo G. P. Mixto, sobre a plena integración laboral, social e persoal dos emigrantes na nosa terra¹⁸.

Por último xa na IV Lexislatura do Parlamento de Galicia aprobouse unha proposición non de lei formulada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Alfredo Suárez Canal, sobre as medidas para incentivar-la recuperación de emigrantes¹⁹.

b) Seguridade Social

Temos que esperar ata a III Lexislatura para atopar unha moción presentada ante o Pleno polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego como consecuencia da Interpelación relativa á situación dos emigrantes galegos retornados que sofren non pagamento ou retrasos nos pagamentos das prestacións de xubilación ou equivalentes procedentes dos países onde traballaran como emigrados²⁰.

Referíndose a aspectos que só en sentido amplo se integran dentro do concepto de Seguridade Social atópase tamén a pregunta con resposta escrita formulada por D. José Giráldez Maneiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos á concesión de axudas individuais a emigrantes galegos na República Arxentina²¹.

Con un contido moi similar e presentada polo mesmo parlamentario debe referirse á proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa do D. José Giráldez Maneiro, sobre a tramitación de se subvencións e axudas oficiais ós emigrantes a través dos servicios consulares, co Informe preceptivo do Consello de Residentes no estranxeiro²².

Pasando á IV Lexislatura do Parlamento o deputado anteriormente citado reincidiu na súa teima sobre a situación do emigrantes, neste caso no

¹⁸ BOPG núm. 120, 7-3-91. Rexeitada - BOPG núm. 224, 19-12-91

¹⁹ BOPG núm. 318, 22-9-95. Aprobada - BOPG núm. 303, 25-8-93

²⁰ BOPG núm. 24, 27-4-90. Debate Pleno - DS núm. 12, 18-4-90. Rexeitada - BOPG núm. 28, 10-5-90.

²¹ BOPG núm. 249, 13-3-92. Resposta - BOPG núm. 266, 7-5-92

²² BOPG núm. 262, 25-4-92. Debate Pleno - DS núm. 162, 23-6-93. Aprobada - BOPG núm. 431, 3-7-93

tocantes ó eido da saúde. Así presentou a proposición non de lei, formulada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Giráldez Maneiro, sobre o dereito á asistencia sanitaria dos emigrantes retornados a Galicia e a expedición de documentos necesarios para facelo efectivo²³.

Un aspecto que foi obxecto de control por parte da oposición parlamentaria é o das axudas puntuais que a Secretaría Xeral para a Relación coas Comunidades Galegas no Exterior convoca con carácter anual. Así presentouse a pregunta oral en Comisión formulada por D. José Giráldez Maneiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o orzamento dedicado polo Goberno galego para bolsas ós emigrantes e previsións ó respecto²⁴.

Con un carácter moito máis puntual e referido a un ámbito xeográfico moi concreto presentouse a proposición non de lei formulada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Giráldez Maneiro e D. José Ventoso Mariño, sobre as medidas que se deben adoptar para a defensa dos intereses dos emigrantes galegos nos Estados Unidos²⁵.

Finalmente e xa dentro da V Lexislatura debateuse no Pleno da cámara a interpelación, formulada por D. Xabier Casares Mouriño e D^a Isabel Salazar Bello, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o número de emigrantes galegos perceptores dunha pensión asistencial por anciandade, os destes que retornaron á súa terra e as medidas adoptadas polo Goberno galego respecto dos que se atopan sen dereito a ningún tipo de prestación durante os dous primeiros anos²⁶.

c) Institucional

A creación dun órgano parlamentario do estudio e seguimento da materia de emigración non é algo novo no Parlamento de Galicia. Así na III Lexislatura foi rexeitada unha solicitude do G. P. Dos Socialistas de Galicia de creación dunha Comisión permanente non lexislativa de relacións e cooperación da institución parlamentaria coas comunidades galegas na emigración²⁷.

²³ BOPG núm. 219, 4-3-95. Aprobada - BOPG núm. 232, 23-3-95

²⁴ BOPG núm. 319, 23-9-95. Recalificación por finalización do periodo de sesións - BOPG núm. 389, 12-1-90. Resposta - BOPG núm. 403, 12-2-96

²⁵ BOPG núm. 652, 13-5-97. Aprobada - BOPG núm. 690, 16-7-97

²⁶ BOPG núm. 323, 16-6-99. Pleno día 24-11-99, DS n-um. 84

²⁷ BOPG núm. 57, 22-9-90. Debate Pleno - DS núm. 33, 25-9-90. Rexeitada - BOPG núm. 64, 15-10-90

d) Cultural

Ó longo da IV Lexislatura do Parlamento de Galicia presentouse unha pregunta con resposta escrita formulada por D. Manuel Ceferino Díaz e Díaz, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos á selección dos emigrantes galegos beneficiados da operación “Reencontros”²⁸. Estes programas afectan en sentido amplo á dimensión cultural da emigración galega por canto posibilitan a realización de actividades literarias, musicais e de toda índole para aqueles cidadán que residen fóra de Galicia.

e) Servicio militar

Este aspecto constituiu tradicionalmente unha causa de preocupación para os emigrantes galegos e os seus descendentes. Aínda que na actualidade perdese a súa razón de ser, no seo da IV Lexislatura do Parlamento Galego foi presentada unha proposición non de lei formulada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa do D. Bieito Lobeira Domínguez, sobre o dereito dos mozos emigrantes a solicitaren prórrogas de cuarta clase como causa de exención do servizo militar obrigatorio²⁹.

f) Agricultura

Carácter claramente singular presenta a iniciativa tramitada da II Lexislatura e que foi retirada polos seus proponentes que consistía nunha proposición de lei, formulada polo G.P. Coalición Galega, de terras de emigrantes³⁰.

II. Antecedentes da Comisión

A Mesa-Xunta de Portavoces na súa reunión do día 15 de febreiro de 2000, acordou no punto terceiro da orde do día, a solicitude do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 12.013) e logo de debate pormenorizado, a proposta de creación da Comisión non permanente para o estudo da situación

²⁸ BOPG núm. 519, 24-9-96. Resposta – BOPG núm. 539, 24-10-96

²⁹ BOPG núm. 574, 21-12-96. Rexeitada – BOPG núm. 537, 11-6-97

³⁰ BOPG núm. 26, 17-5-86. Retirada – BOPG núm. 204, 23-12-87

dos emigrantes galegos, que ó abeiro do artigo 51 do Regulamento do Parlamento adoptou a Mesa do Parlamento.

Posteriormente na Mesa-Xunta de Portavoces do 13 de abril de 2000, o Sr. Presidente do Parlamento anunciou a constitución da Comisión para o día 27 de abril de 2000, coa asistencia da Mesa do Parlamento de Galicia.

III. Composición e sesións celebradas

A. Composición

A Mesa da Comisión quedou composta do seguinte xeito:

- D. Manuel Ruíz Rivas (presidente)
- D. Xosé Francisco Ferreiro Abelleira (vicepresidente)
- D^a. María Antonia Álvarez Yáñez (secretaria)

Os Vocais adscritos polos distintos grupos á Comisión foron os seguintes:

- D. Anxo Guerreiro Carreiras (Mx)
- D. Xosé Manuel Pazos Varela (Mx)
- D. Alberte Xullo Rodríguez Feixóo (BNG)
- D. Miguel Santalices Vieira (P)
- D^a. María Soledad Soneira Tajés (S)

Letrados

- D. Xosé Antonio Sarmiento Méndez
- D^a. Purificación López Gómez

B. A Comisión desenvolveu numerosas Sesións, que podemos clasificar en:

- *Internas*
- Sesión constitutiva, o 27 de abril de 2000
- Aprobación das normas reguladoras, 2 de xuño de 2000.
- Elaboración do plan de traballo da Comisión e delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas no artigo 44.1 do Regulamento da Cámara.- 20 de xuño de 2000.

- *De comparencias*
- D. Andrés Beade Dopico, emigrante galego na Arxentina, que desempeñou varios cargos de responsabilidade en Centros galegos daquel país, o 14 de xullo de 2000.
- D. Salvador Soutullo Carolo, escritor e emigrante galego en Barcelona, que deu testemuña dos problemas dos galegos en Cataluña, o 18 de xullo de 2000.
- D. José María Hernández Cochón, Conselleiro de Sanidade e Servicios Sociais, que explicou á Comisión as actuacións do seu departamento nesta materia, o 19 de xullo de 2000.
- D. Enrique Arnaldo Alcubilla, vocal do Consello xeral do Poder xudicial, letrado das Cortes xerais e asesor da Xunta Electoral Central, que explicou os problemas que rodean os dereitos políticos dos emigrantes, o 27 de xullo de 2000.
- D. Jacinto Gil, Catedrático de Dereito civil, que se detivo no estudio dos problemas da nacionalidade e as súas posibles liñas de reforma, o 28 de xullo de 2000.
- D. Antonio Maceda, Director xeral de Migracións do Ministerio do Interior, para informar sobre as liñas de actuación do seu departamento nesta cuestión, o 7 de febreiro de 2001.
- D. José Manuel Castelao Bragaña, Presidente do Consello xeral da emigración, que explicou o papel deste órgano na situación dos emigrantes galegos, o 16 de marzo de 2001.
- D. Fernando Amarelo de Castro, Secretario xeral para as Comunidades galegas no exterior da Xunta de Galicia, como responsable autonómico nestas materias, o 29 de marzo de 2001.

IV. Documentación estudiada pola Comisión

1. Documentación aportada polo Servicio de Biblioteca e Documentación do Parlamento.
- 2.- Documentación aportada polos comparecentes.
 - Sr. Enrique Arnaldo Alcubilla:
 - Documentación acerca dos sistemas electorais no Dereito comparado.

- Sr. Presidente do Consello Xeral de Emigración:
 1. Principales temas plantexados polo Consello Xeral de Emigración durante o III mandato.
 2. Acordos adoptados polo Consello Xeral de Emigración.
- 3. Documentación recibida con motivo das visitas feitas pola Comisión.
- Datos sobre os centros galegos en Rio de Janeiro, Salvador de Bahía e Buenos Aires.
- Datos dos Consulados e Embaixadas en Brasil e Arxentina sobre a situación da colonia galega nestes países.

V. Visitas ós galegos na emigración

A. Visita a Brasil e Arxentina entre os días 1 e 11 de abril de 2001

Tódolos membros da Comisión anteriormente citados, agás o Sr. Guerreiro Carreiras que se incorporou o día 5 de abril, iniciaron a visita de traballo ós galegos nas cidades de Río de Janeiro, Salvador de Bahía e Bos Aires co calendario de reunións e actividades que a seguir se describe:

- Día 3 de abril de 2001: visita a cidade de Río de Janeiro (Brasil).
Reunión no Consulado Xeral de España co xefe da oficina laboral
Visita á Peña Gallega-Casa de España (*Presidente: Ramón Alvite*

Iglesias)

Reunión cos Presidentes das Institucións:

Consello de Residentes Españois (CRE), *Raquel A. Vázquez Carpintero*
Comunidad Hispánica de Asistencia Social (CHAS), *Esther Pérez Durán*
Asociación Brasileira de Empresarios Españoles (ABREME), *Enrique*

Babio Sánchez

- Día 4 de abril de 2001

Visita á Sociedade Recreo dos Ancianos (*Presidente: Manuel Taboada Quintas*)

Visita á Sociedade Española Beneficencia-Hospital Español (*Presidente: José Paredes*)

- Día 6 de abril: Salvador de Bahía

Reunión de traballo cos responsables en materia de emigración do Consulado xeral de España

Reunión de traballo cos Presidentes dos Centros Galegos

Caballeros de Santiago

Centro Español

Centro Recreativo Union Do Río Tea

Real Sociedad Española de Beneficiencia-Hospital Español

- Día 7 de abril

Visita ó Hospital Español

Visita á sede dos Caballeros de Santiago. Reunión coa xunta directiva

- Día 9 de abril: Bos Aires.

Reunión Cos Presidentes das Institucións:

Consejo General de la Emigración: *Presidente D. Manuel Casteleo*

Bragaña

Consejo de Residentes Españoles: *Presidente D. Alvaro Campos*

Centro de Galicia y Colegio Santiago Apóstol: *Presidente D. Manuel*

Peleteiro

Centro Gallego: *Presidente D. Elías Fernández Pato*

Unión de Sociedades Gallegas: *Presidente horacio Pejito*

Federación de sociedades Galegas: *Presidente D. Francisco Lores*

Visitas:

Centro Galicia

Colexio Santiago Apóstol

Centro Galego

- Día 10 de abril

Reunión de traballo co Cónsul Xeral Adxunto en Bos Aires, D. Juan Carlos Gafo Acevedo

B. Visita a Londres e a Zurich entre os días 10 e 15 de maio de 2001

Tódolos membros desta Comisión, excepto a Sra. Soneira Tajés, realizaron as visitas de traballo ós galegos nestas cidades segundo esta programación:

- Londres (día 11 de maio de 2001).
 - 1) Reunión de traballo cos conselleiros de Oficina Laboral (en funcións) e de Educación da Embaixada de España en Londres e co Cónsul Xeral de España en Londres.
 - 2) Visita ó Embaixador de España en Londres.
 - 3) Visita ó Centro Galego de Londres.
- Zurich (días 13 e 14 de maio de 2001).
 - 13 de maio:
 - 1) Reunión co Comité de directivos da “Sociedade Galega Val d’Ouro” (Pte: Etelvino Noguero)
 - 2) Asistencia á “Festa da Nai” organizada pola Misión Católica en Zurich.
 - 3) Reunión co Comité de Directivos da “Promoción da Cultura Galega” (Pte: Gumersindo Martínez).
 - 14 de maio.
 - 4) Reunión de traballo co Cónsul Xeral de Zurich
 - 5) Encontro cos membros do Consello de Residentes Españois (pte: Emilio Romero).

VI. Últimas actividades da Comisión

Rematados os seus traballos previos a Comisión acordou constituirse en Ponencia conforme a posibilidade prevista nas súas normas reguladoras, esta ponencia celebróu tres reunións de traballo que non se plasmaron en un documento definitivo, provocando que os grupos parlamentarios da oposición demandasen da Deputación permanente do Parlamento galego a habilitación do mes de xullo para o remate dos traballos. Rexeitada esta petición só queda esperar que toda a laboura desta Comisión serva de antecedente útil para os traballos que inicie o Parlamento da vindeira Lexislatura.